



12 de xullo de 2013. Os días 15 e 16 de xullo debatirase na Comisión Europea a prohibición do **Fipronil**, un perigoso insecticida. Asociacións apícolas, organizacións agrarias, de consumidores/as, ecoloxistas e sindicais (120 entidades en total) unímonos para pedir que o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente defenda a **prohibición do insecticida Fipronil** de cara ao vindeiro debate na Comisión Europea. A reunión do Comité Permanente da Cadea Alimentar e de Sanidade Animal terá lugar en Bruxelas entre o 15 e o 16 de xullo e supón unha **nova oportunidade para a protección das abellas e outros polinizadores**

O pasado 27 de maio a Autoridade Europea de Seguridade Alimentar (EFSA) publicou o seu [diagnóstico](#) sobre a avaliación de risco do Fipronil para as abellas. Unha das súas principais conclusións foi que este insecticida supón **"un risco agudo elevado para as abellas cando se utiliza como tratamento de sementes de millo"**. Ademais, a EFSA sinalou unha serie de carencias nos datos dispoñíbeis. Esta falla de datos impediu avaliarr completamente os riscos asociados á exposición ao pó, pole e néctar contaminados, así como outras vías potenciais de exposición.

O Fipronil é un insecticida de amplo espectro e moderadamente sistémico da familia dos fenilpirazoles, producido polo xigante químico BASF. Na Unión Europea (UE) está **autorizado só en sete estados membros**, entre eles España, onde se utiliza especialmente como tratamento de sementes de xirasol e milo e comercializado baixo o nome REGENT TS. Na súa [ficha de rexistro](#) en España pódese ler que é altamente perigoso para as abellas.

En moitos aspectos, os resultados da EFSA son similares aos orixinalmente presentados para o Imidacloprid, o Tiametoxam e a Clotianidina, insecticidas da familia dos neonicotinoides, para os cais [prohibíronse recentemente certos usos](#) chave na UE debido aos riscos que supoñen para as abellas.

O Fipronil é altamente tóxico para os invertebrados acuáticos, así como para as termitas, abellas, algúns mamíferos e réptiles e mesmo aves. Por outra banda, e no que se refere ás abellas, son cada vez máis as evidencias dunha serie de impactos toxicolóxicos adicionais, que inclúen interaccións sinérxicas con outros praguicidas (Tiacloprid) e co parásito Nosema. Ao igual que cos neonicotinoides tamén foron identificados unha serie de efectos subletais sobre as abellas, incluídos efectos na aprendizaxe, na memoria olfativa e na capacidade para detectar as fontes de alimento.

A **polinización** é fundamental para a seguridade alimentar e para a biodiversidade e só para a agricultura en Europa supón uns **22 mil millóns de euros ao ano**.

Por todos estes motivos, as entidades asinantes consideramos que está máis que xustificada a **aplicación do Principio de Precaución** e a prohibición total e definitiva do insecticida Fipronil, a máis tardar a partir de decembro de 2013.

É fundamental tamén que España presione á Comisión Europea para que promova a **prohibición de todos os praguicidas tóxicos**

para as abellas e outros polinizadores, así como o desenvolvemento dun plano de acción exhaustivo para salvar ás abellas e, o máis importante, que apoie decididamente á agricultura ecolóxica que favorece ás abejas e outros polinizadores e garante alimentos sans para hoxe e mañán.

Máis información: Xesús Asorey Martínez, secretario-técnico de AGA - Asociación Galega de Apicultura: 630 06 96 35

ENTIDADES ASINANTES: Abella Lupa; ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza); ADENEX; AEDERCO; Agrupación de Defensa Sanitaria Apícola apiADS, Comunitat Valenciana; Almocafre, Sociedad Cooperativa Andaluza de Consumo Ecológico; Amigos de la Tierra; APISCAM (Asociación de Apicultores de la Comunidad de Madrid); APITECNIC-

Consultoría Integral Apícola; ARBA Extremadura; ARBATMJ; ASABIM Asociación de agricultores biológicos de la Región de Murcia; Asociación "Véspera de Nada por unha Galiza sen petróleo"; Asociación ACER, Agroecología para la Conservación del Entorno Rural; Asociación ambiental El Enjambre sin Reina; Asociación Ambiental Laguna de los Tollos; Asociación Cántabra de Apicultores; Asociación Criadores Oveya Xalda Asturiana; Asociación Cultural Gamonal Vetón; Asociación de apicultores de Navarra (APIDENA); Asociación Española de Apicultores (AEA); Asociación Galega de Apicultura (AGA); Asociación Jara; ASOCIACIÓN MEDIOAMBIENTAL SOM NATURA; Asociación Natura 2000; Asociación para la Defensa de los Recursos Naturales de Cantabria (ARCA); Asociación para la Rehabilitación de Pueblos Abandonados de España (ARPAE); Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR); Asociación Profesional de Apicultores Extremeños (APAEX); Asociación Profesional de Apicultores Leoneses (APAL); Asociación Profesional Salmantina de Apicultores; ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE APICULTORES BURGALÉSES; Asociación RedMontañas; Asociación Reforesta; Asociación Siempreviva; Asociación Valenciana de Ingeniería Sin Fronteras; ASOCIACIÓN VALOR ECOLÓGICO; Associació Cultural El Mussol; Associació de Productors d' Agricultura Ecològica de Menorca (APAEM); Associació de Solidaritat amb els Pobles Indígenes de Llatinoamèrica; AXENA; Bee Garden; Black Vulture Conservation Foundation (BVCF); BRINZAL; Ca Revolta; CIFAES-Universidad Rural Paulo Freire Tierra de Campos; Col·lectiu d'Abellaires; Concejo de la Mesta; Confederación de Consumidores y Usuarios ? CECU; Confederación en Defensa de la Abeja en la Cornisa Cantábrica; Confederación General del Trabajo CGT; Confederación Sindical de Comisiones Obreras (CC.OO.); Cooperativa REPLA S.C.A.; Coordinadora Anti Privatización de la Sanidad; DEPANA; Ecocolmena; ECODES; Ecolluita - Diario Apícola; Ecologistas en Acción; Ecovalle; El Colmenar (Revista Internacional de Apicultura); ENEEK - Consejo de Agricultura y Alimentación Ecológica de Euskadi; Federación de Asociaciones de Apicultores de Cantabria; FEEA-Federación de Entidades de Educación Ambiental; Fet en l'Horta; FODESAM; Fondo para la Protección de los Animales Salvajes (FAPAS); Foro Asturias Sostenible; FUHEM Ecosocial; Fundación Amigos de las Abejas; Fundación Félix Rodríguez de la Fuente; Fundación Global Nature; Fundación Oso Pardo (FOP); Fundación para la Cooperación APY - Solidaridad en Acción; Fundación Vida Silvestre del Mediterráneo (FVSM); Fundación Vivo Sano; GEPEC-EdC (Grup d'Estudi i Protecció dels Ecosistemes Catalans - Ecologistes de Catalunya); Gipuzkoako Erlezain Elkarte (Asociación de Apicultores de Gipuzkoa); Granja Ecológica La Peira; GREENPEACE España; GRUPO NATURALISTA HÁBITAT; Hortostenible; Iniciativa Custodia del Territori a les Illes Balears (ICTIB); INTERECO; L'Alficòs; La Fertilidad de la Tierra; La Raya; La Ruda amics de Can Deu per a l'agricultura ecològica; La Unió de Llauradors i Ramaders del País Valencià; La Verde S.C.A.; Llavors d'ací; Mujeres de Lebrija Contra la Violencia de Género. Foro Social de Lebrija; Pensando el Territorio; Plataforma contra as fumigacións e por un futuro sen praguicidas; Plataforma Rural; RED ANDALUZA DE SEMILLAS "CULTIVANDO BIODIVERSIDAD"; RED DE SEMILLAS "RESEMBRANDO E INTERCAMBIANDO"; Red de Semillas de Cantabria; REVERDE SCA; Sabinars de Arlanza; Salva la Selva; Salvia; SEAE - Sociedad Española de Agricultura Ecológica; SEO/Birdlife; Sindicato Labrego Galego; Sindicato USO Toledo; Slow Food Valencia; SOCIALINNOVA; Sol y Tierra teatro; SOS POLINIZADORES; Territorios Vivos; The Ecologist; Trashumancia y Naturaleza; Tuapitur; Tudanca; UNIO DE PAGESOS DE MENORCA; Universidad Rural Paulo Freire Sierra de Huelva; VSF Justicia Alimentaria Global; WWF España; Xarxa Consum Gandia